

Acta Asamblea Marzo 2012

Asisten: Sandra, Susana, Tomi, Patxi, Eva, Alberto, Lydia, Mariola, Javi, Pepe e Tono

1. Dossier
2. Brigada Limpeza
3. Festa Primavera
4. GdT
5. Actuable
6. Escolas-obradoiro
7. Varios

1. Dossier

Continuaremos a subir as partes que faltan no documento compartido e tratarase como tema principal na asamblea de Abril. Nos GdTs iráse traballando o documento e anotando as partes críticas que teñan de ser debatidas en asamblea, particularmente financiamento.

Reunión do equipo coordinador o Martes 20 de Marzo às 20h na oficina de Tomi para coordinar a complexión do dossier.

2. Brigada Limpeza

A data proposta é o domingo 31 de Marzo a partir das 11h30 e ata as 14h aproximadamente. Traballaríase no primeiro edificio, dentro das nosas posibilidades.

Tantear a participación real na acción enviado email á xente da Asamblea (Mariola) e creando grupo privado no facebook (Lydia).

Crease un mini-grupo coordinador da acción formado por Lydia, Tono, Mariola e Tomi.

A acción será reivindicativa con carácter lúdico-festivo. A nota de prensa enviariase próxima ao día. Ter en conta: participación, ver o espazo previamente, material preciso, xestión lixo, facer fotos antes-despois, convidar prensa no momento con maior actividade, venda camisolas, bote solidario, espazo café/chocolate, visibilizar propostas de uso do espazo, entrada – hortas urbás, etc.

3. Festa Primavera

Proxectos está co tema, probablemente sexa mais ben unha festa de verán.

4. GdTs

- Charla venres 16 de Marzo organizada polo “Instituto Estudios Políticos y Sociales” sobre o futuro do edificio do cárcere. Pedirlle a Roci se pode ir no nome da Plataforma. Asistirán PC, 15M Montealto, Manolo Rivas e COAG. Confirmar a hora. Lugar Centro Cívico Montealto.

- Infraestrutras terminaron de medir e xa está a terminar os planos do cárcere. ☺

- En Abril rotan 1 dxs representantes de cada GdT para o Equipo coordinador. Decidir quen substitue a quen en cada grupo.

5. Actuable

Acordamos facer un actuable agora de recollida de apoios para o Proxecto cun texto similar ao das sinaturas de apoio que xa temos, para visibilizar o apoio social cara ao dossier. Este actuable sería dirixido a PC. Encárgase Patxi. Unha vez todas as sinaturas estean recollidas, faremos unha rolda de prensa e as entregaremos desde PC ao Concello.

Faríamos un outro actuable mais adiante, unha vez que teñamos presentado o dossier á sociedade e partidos políticos no goberno, dirixido ao Concello da Coruña para pedir a cesión

da xestión do edificio a PC nos termos expostos no dossier. Este valorase que podía ser por goteo.

- Ter en conta a temporalización aproximada das estratexias-calendario de Proxecto Cárcere: Actuable 1 (apoio iniciativa) (agora) – Brigada Limpeza (31 Marzo) – Dossier (Abril-Maio) – Festa Primavera/Verán (Maio/Xuño??)– Actuable 2 (Petición concello Coruña) (Xuño..???)

6. Escolas-obradoiro e Unesco

Parécenos a todas e todos interesante a proposta sobre escolas-obradoiros pero non sabemos se sería factíbel solicitar a axuda desde PC sen ter a cesión do espazo. En calquera caso incluírase esta iniciativa no dossier de PC.

Tono e Roci mantiveron conversas coa xente do club Unesco de Valencia. Continuarán en contacto e nos informarán de novas que xurdan.

7. Financiamento

Diferenciamos o método de financiamento para o futuro centro sociocultural e da memoria e o financiamento actual para Proxecto Cárcere.

Financiamento futuro: Compartir información sobre proxectos similares (Tabacalera, et) e debatir nos gds ata a próxima assemblea, para poder incluír unha proposta de financiamento para o proxecto no dossier. Valoramos unha combinación de auto-financiamento e cartos públicos e unha progresiva rehabilitación e uso dos diferentes espazos do cárcere.

Financiamento para PC: Estamos a ter gastos non excesivos mais que deben ser responsabilidade colectiva, exemplo: constitución asociación 30€ Como acción inmediata poñer un bote solidario o día da Acción da Brigada de Limpeza e pedir a colaboración das persoas e colectivos da Asamblea de acordo coas súas posibilidades. Darlle saída as camisolas e chapas, levar á acción do 31 de Marzo, falar con Susana. A medio prazo acordamos abrir unha conta corrente na Caixa de Arquitectos e nomear a Patxi como tesoureiro. Tamén posibilidade de abrir un tipo paypal para que se puideran divulgar e recoller aportacións pola internete.

8. Varios

PRÓXIMA REUNIÓN DA ASAMBLEA : VENRES 13 DE ABRIL